

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

RESOLUCIÓN do 9 de abril de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para o ano 2013 a proxectos de enerxías renovables, con financiamento procedente de fondos comunitarios derivados do programa operativo Feder-Galicia 2007-2013.

A sensibilidade especial que para a cidadanía está a ter o uso racional das enerxías e a busca de novas fontes enerxéticas calou de forma importante no enfoque das administracións públicas, que unanimemente están a actuar neste campo prestando o seu apoio ás iniciativas que sobre enerxías renovables ou aforro e eficiencia enerxética se desenvolven na actualidade.

A Lei 3/1999, do 11 de marzo, de creación do Instituto Enerxético de Galicia (Inega), contén unha referencia expresa ao fomento destas actividades, concretada no impulso das iniciativas e programas de aplicación das tecnoloxías enerxéticas, incluídas as renovables, á mellora do aforro e a eficiencia enerxética, ao fomento do uso racional da enerxía e, en xeral, á óptima xestión dos recursos enerxéticos nos distintos sectores económicos de Galicia. Igualmente, recolle a participación na xestión e prestación de servizos noutros campos sinérxicos ao enerxético, de acordo coas directrices do Goberno no ámbito das súas competencias.

Coa pretensión de acadar os citados obxectivos, o Inega, establece este sistema de subvencións, complementario aos creados por outras entidades públicas, relacionados con proxectos que fomenten as enerxías renovables e o aforro e eficiencia enerxética.

A dotación da presente convocatoria con cargo aos orzamentos do Instituto Enerxético de Galicia para o ano 2013 ascende a 2.100.000,00 euros, coa seguinte distribución e procedencia: 1.097.255,78 euros de fondos comunitarios derivados do Programa operativo Feder-Galicia 2007-2013; 274.313,90 euros de Fondos de Compensación Interterritorial que cofinancian para o exercicio 2013; 728.430,32 euros de Fondos de Compensación Interterritorial libres para o mesmo exercicio.

Trátase de actuacións desenvolvidas pola Xunta de Galicia (tramo autonómico) encadradas no eixe 4, medida 40 (actuacións 1, 2, 3 e 4) e medida 41 (actuación 1), que se refiren aos distintos tipos de enerxías renovables.



A diferenza de anteriores convocatorias fíxase como procedemento de concesión das axudas o de concorrencia non competitiva, permitido pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sempre que se produza a circunstancia prevista no seu artigo 19.2 e así o establezan as bases reguladoras.

Preténdese deste xeito axilizar o procedemento, posto que permite que o prazo de presentación de solicitudes estea aberto durante máis tempo, o que vai en beneficio dos posibles interesados e do sector das empresas instaladoras de enerxías renovables.

Como un dos órganos encargado de desenvolver a política enerxética da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia, o Instituto Enerxético de Galicia considera de máximo interese potenciar as actuacións en materia de enerxías renovables co fin de optimizar a xestión dos recursos enerxéticos nos distintos sectores en Galicia.

Por todo o anterior, en virtude do disposto nos artigos 7.1 e 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia,

DISPOÑO:

Aprobar as bases reguladoras para a concesión de subvencións a proxectos de enerxías renovables que a seguir se reproducen, así como convocar a todos aqueles interesados en solicitálas.

Bases reguladoras

Artigo 1. *Obxecto*

Estas bases teñen por obxecto regular a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para os proxectos de enerxías renovables executados en Galicia que empreguen as tecnoloxías incluídas no anexo I (Normas por tecnoloxía aplicada).

Artigo 2. *Réxime xurídico e período de execución dos investimentos*

1. O procedemento administrativo de concesión das axudas tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva, de acordo co establecido no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que permite exceptuar do requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos nestas bases cando, polo obxecto e finalidade da subvención, non sexa necesario realizar a com-



paración e prelación entre os solicitantes nun único procedemento, ata o esgotamento do crédito orzamentario.

2. As axudas recollidas nas presentes bases reguladoras, a excepción daquelas en que os beneficiarios sexan particulares, ou entidades e institucións sen ánimo de lucro que non poidan emprender actividades económicas que repercutan en terceiros, están suxeitas ás condicións establecidas no capítulo I do Regulamento (CE) núm. 800/2008, do 6 de agosto de 2008, da Comisión, polo que se decláran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea (Regulamento xeral de exencións por categorías), publicado no *Diario Oficial da Unión Europea* (DOUE) L 214, do 9 de agosto de 2008, e ás disposicións previstas para esta categoría de axudas no capítulo II do dito regulamento.

A presente convocatoria refírese ás que aparecen definidas dentro da sección 4ª do dito capítulo II como «Axudas o investimento para a protección do ambiente destinadas á promoción de enerxía procedente de fontes de enerxía renovables».

3. Co fin de incentivar o uso das tecnoloxías descritas no anexo I, o período de execución dos investimentos comezará unha vez que se teña efectuada a solicitude de axuda ante esta entidade e rematará en función dos prazos previstos no artigo 17.1 destas bases, sen que en ningún caso poida excederse o día 30 de novembro de 2013. Porén, cando se trate de grandes empresas, deberá verificarse, ademais, que o proxecto responde a algún dos criterios previstos no artigo 8.3 do citado Regulamento xeral de exención por categorías sobre o efecto incentivador das axudas.

As axudas non se aplicarán ás actuacións previstas no artigo 1.2 do Regulamento (CE) núm. 800/2008 nin aos sectores da economía previstos no artigo 1.3 da mesma norma.

4. Ademais do disposto nestas bases, terase en conta o previsto na seguinte normativa que resulta de aplicación: Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE núm. 276, do 18 de novembro); Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 121, do 25 de xuño); Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 20, do 29 de xaneiro); Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE núm. 285, do 27 de novembro); Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos (BOE núm. 150, do 23 de xuño); Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica da Xunta de Galicia e nas entidades dela



dependentes (DOG núm. 241, do 17 de decembro); Regulamento (CE) núm. 1083/2006, do 11 de xullo, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), ao Fondo Social Europeo (FSE) e ao Fondo de Cohesión (DOUE 31.07.2006) e concordantes, ademais dos regulamentos comunitarios en materia de información e publicidade.

5. En virtude do disposto no artigo 6 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, resultan igualmente aplicables as previsións contidas na normativa comunitaria sobre fondos Feder: Regulamento (CE) núm. 1083/2006 do Consello, do 11 de xullo de 2006, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión (DOUE L 210 do 31.7.2006), Regulamento (CE) núm. 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro de 2006, que fixa as normas de desenvolvemento do anterior regulamento e do Regulamento (CE) núm. 1080/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (DOUE L 371 do 27.12.2006), nas súas versións consolidadas derivadas das modificacións e rectificacións introducidas no seu texto.

Artigo 3. *Financiamento*

1. A concesión das axudas financiarase con cargo aos orzamentos do Instituto Enerxético de Galicia, en contía de 2.100.000,00 euros, procedentes de fondos Feder Galicia 2007-2013, eixe 4, medidas 40-41 e do Fondo de Compensación Interterritorial (FCI).

2. As contías totais correspondentes a cada grupo de actuacións, desagregadas por tipoloxía de proxecto, son as seguintes:

Grupo I: enerxía solar térmica (eixe 4, medida 40):

Beneficiarios	Orzamento (€)	Aplicación orzamentaria
Familias e institucións sen ánimo de lucro	150.000,00	08.A2.733A.781.7
Empresas privadas	150.000,00	08.A2.733A.771.7
Total	300.000,00	

Grupo II: enerxía solar fotovoltaica illada e instalacións mixtas illadas (eixe 4, medida 40):

Tipoloxía da instalación	Orzamento (€)	Aplicación orzamentaria
Familias e institucións sen ánimo de lucro	50.000,00	08.A2.733A.781.5
Empresas privadas	50.000,00	08.A2.733A.771.5
Total	100.000,00	



Grupo III: enerxía solar fotovoltaica non illada e instalacións mixtas non illadas (eixe 4, medida 40):

Tipoloxía da instalación	Orzamento (€)	Aplicación orzamentaria
Familias e institucións sen ánimo de lucro	150.000,00	08.A2.733A.781.8
Empresas privadas	150.000,00	08.A2.733A.771.8
Total	300.000,00	

Grupo IV: caldeiras de biomasa (eixe 4, medida 41):

Tipoloxía da instalación	Orzamento (€)	Aplicación orzamentaria
Total familias e institucións sen ánimo de lucro	700.000,00	08.A2.733A.781.1
Familias e institucións sen ánimo de lucro: caldeiras con alimentación automática desde almacenamento >= 250 litros (ver anexo técnico)	550.000,00	
Familias e institucións sen ánimo de lucro: resto de caldeiras non incluídas na tipoloxía anterior	150.000,00	
Empresas privadas	700.000,00	08.A2.733A.771.6
Total	1.400.000,00	

3. O importe dos fondos para cada tipo de actuación entenderase máximo, se ben cabería a posibilidade de incrementar o crédito coa condición dunha maior dispoñibilidade orzamentaria motivada por algunha das circunstancias previstas no artigo 30 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e, se for o caso, logo de aprobación da modificación orzamentaria que proceda. De producirse a ampliación de crédito, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do Inega (www.inega.es).

Artigo 4. *Acumulación con outras axudas*

1. Por regra xeral, o importe dunha subvención outorgada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, exceda o 100 % do investimento subvencionable ou, se é o caso, se supere o límite máximo establecido na normativa que resulte de aplicación.

2. Non obstante, para as axudas sometidas ao réxime de exención previsto no Regulamento 800/2008 (Regulamento xeral de exención por categorías) a intensidade de axuda non poderá exceder o 45 % dos custos subvencionables, salvo que se trate de medianas ou pequenas empresas, nas cales a intensidade xenérica podería incrementarse, respectivamente, en 10 ou 20 puntos porcentuais de acordo co previsto no artigo 23.2 do dito regu-



lamento. Unicamente se exceptúan desta limitación na intensidade das axudas, conforme o previsto no artigo 2.2 destas bases, aqueles supostos en que os beneficiarios sexan particulares, ou entidades e institucións sen ánimo de lucro que non desenvolvan actividades económicas que repercutan en terceiros.

3. A axuda exenta en virtude do Regulamento 800/2008 poderase acumular con calquera outra axuda exenta en virtude do mesmo regulamento, sempre que as ditas medidas de axuda se refiran a custos subvencionables identificables diferentes.

A axuda exenta en virtude do Regulamento 800/2008 non se acumulará con ningunha outra axuda exenta en virtude do dito regulamento, ou con ningunha axuda *de minimis* que reúna as condicións establecidas no Regulamento (CE) núm. 1998/2006, nin con ningún outro financiamento comunitario correspondente (parcial ou totalmente) aos mesmos custos subvencionables, se tal acumulación supera a intensidade máis elevada ou o maior importe de axuda aplicable á devandita axuda en virtude do reiterado regulamento.

4. A obtención doutras axudas ou subvencións deberá comunicarse ao Instituto Energético de Galicia tan pronto como o interesado teña coñecemento e, en todo caso, con anterioridade á xustificación do investimento realizado.

5. Por estaren tamén incluídas as actuacións que se subvencionan dentro do Programa operativo Feder-Galicia 2007/2013, os gastos que se financian cun fondo comunitario non poderán acollerse a outras axudas procedentes do mesmo fondo ou doutros fondos ou instrumentos financeiros comunitarios, de conformidade co artigo 34 do Regulamento (CE) 1083/2006.

6. O incumprimento do disposto neste artigo considerarase unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda, e poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión nos termos previstos no artigo 15 destas bases reguladoras.

Artigo 5. *Beneficiarios/as*

1. Poderán ser beneficiarios/as das subvencións, sen prexuízo de reuniren os demais requisitos establecidos nestas bases, en especial os indicados para cada liña de axuda no anexo I:

a) As persoas físicas maiores de idade ou emancipadas que teñan plena capacidade de obrar.



b) As empresas legalmente constituídas e os empresarios autónomos. Serán consideradas pemes (categoría de microempresas, pequenas e medianas empresas) aquelas que cumpran coa definición que establece o anexo I do Regulamento CE núm. 800/2008, da Comisión, do 6 de agosto de 2008 (DOUE núm. L 214/38, do 9 de agosto).

c) As empresas de servizos enerxéticos (ESE) que teñan contratada a xestión enerxética, total ou parcialmente, de inmobles e instalacións de titularidade pública ou privada, e que o obxecto destes contratos sexa a consecución de aforro económico derivado dun menor consumo de enerxía e/ou utilización de enerxías renovables. O pagamento dos servizos que prestan as ditas empresas baséase na obtención de melloras de eficiencia enerxética e no cumprimento dos demais requisitos de rendemento convidados.

O servizo enerxético prestado pola ESE deberá incluír, en todo caso, a utilidade derivada do emprego das instalacións de aproveitamento das fontes de enerxías renovables para as cales se solicita a axuda. Este servizo prestarase sobre a base dun contrato xurídico que leve asociada unha subministración de enerxía renovable verificable e medible.

d) Entidades sen ánimo de lucro (fundacións de carácter privado, asociacións e comunidades de propietarios por regra xeral).

e) As agrupacións de persoas físicas ou xurídicas sen personalidade xurídica, como poden ser as comunidades de bens, sociedades civís que reúnan tal condición, comunidades de propietarios con ánimo de lucro etc. Nestes casos deberanse facer constar expresamente na solicitude os compromisos de execución asumidos por cada un dos integrantes, así como o importe de subvención que se vai aplicar por cada un deles, que terán igualmente a condición de beneficiarios. Deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación con poderes bastantes para cumprir coas obrigas propias dos beneficiarios dunha subvención. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. As persoas ou entidades que resulten beneficiarias da subvención e con posterioridade contraten a xestión enerxética, total ou parcialmente, a unha empresa de servizos das definidas na letra c) do número 1 deste artigo, poderán solicitar a modificación da resolución de concesión no sentido de que pase a ser beneficiaria esta última, xuntando unha copia cotexada do contrato de servizos enerxéticos en que se recollan as cláusulas asociadas ao proxecto para o cal se solicita a axuda. Esta solicitude deberá presentarse, como mínimo, 20 días hábiles antes da finalización do prazo de xustificación do investi-



mento do proxecto, e pode dar lugar á minoración da axuda inicialmente outorgada tras a aplicación da metodoloxía de cálculo da axuda segundo o anexo I destas bases, no caso de que se produza unha variación do investimento elixible ou das características técnicas do proxecto.

3. Non poderán ter a condición de beneficiarias as persoas ou entidades en que conorra algunha das circunstancias previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da citada Lei 9/2007, do 13 de xuño.

4. Non poderán obter a condición de beneficiario as empresas en crise, de acordo co establecido no artigo 1, parágrafos 6.c) e 7, do Regulamento (CE) núm. 800/2008, da Comisión, do 6 de agosto de 2008, e de acordo co establecido no artigo 4, parágrafo 5, do Regulamento (CE) núm. 1857/2006 da Comisión, de 15 de decembro de 2006.

5. Non poderán obter a condición de beneficiarias as empresas suxeitas a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión previa da Comisión que tivese declarada unha axuda ilegal e incompatible co mercado común.

Artigo 6. *Gastos que se subvencionan*

1. Os posibles gastos obxecto de subvención son os recollidos segundo o tipo de actuación no anexo I das presentes bases, entendéndose por custo elixible aqueles conceptos de gasto que poden ser obxecto de subvención.

2. Para as axudas suxeitas ao Regulamento xeral de exención por categorías de acordo co disposto no artigo 2.2 destas bases, os custos subvencionables das actuacións para as cales se solicita a axuda delimitaranse tendo en conta as regras de cálculo a que fai referencia o parágrafo 3º do artigo 23 do dito regulamento.

3. O imposto sobre o valor engadido (IVE) subvencionarase cando o solicitante da axuda sexa unha entidade sen ánimo de lucro ou un particular e, en ambos os dous casos, efectúen unha declaración responsable de que o obxecto da subvención non se destina nin se adscribe a actividade empresarial ou profesional.

4. Non se subvencionan os gastos que se realicen en pagamento de licenzas, gastos sometidos a aranceis, adquisición de bens de segunda man e os recollidos con tal carácter no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Ao existir cofinanciamento comunitario, ademais dos referidos supostos observarase o disposto na Orde



EHA/524/2008, do 26 de febreiro, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos programas operativos do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e do Fondo de Cohesión (BOE núm. 53, do 1 de marzo).

5. Non formarán parte do investimento subvencionable todos aqueles gastos que non estean claramente definidos ou que non teñan por finalidade directa a consecución dos obxectivos enerxéticos do investimento, sendo en todo caso o criterio do Inega o que prevalecerá no suposto de controversia.

Artigo 7. *Solicitudes de axudas*

A concesión da axuda farase por rigorosa orde de reserva de fondos, que se confirmará coa presentación da solicitude. Por esta razón terán que realizarse dúas actuacións diferenciadas: unha primeira de reserva de fondos e unha segunda de presentación da solicitude no rexistro correspondente.

7.1.a) Reserva previa de fondos.

A reserva de fondos deberase realizar a través dos modelos normalizados dispoñibles na aplicación informática habilitada para tal fin, á que se terá acceso a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.es/>), ou ben desde a páxina web do Instituto Enerxético de Galicia (www.inega.es).

Non será posible realizar máis dunha conexión simultánea cun mesmo NIF e contrasinal.

No caso de que o solicitante non dispoña dun acceso directo á internet, e co fin de prestar asistencia para a realización da reserva de fondos, o Inega porá á disposición dos interesados un servizo de asistencia técnica, a través do número de teléfono 981 54 15 00, ou os que en cada momento se establezan para a dita finalidade, debendo neste caso achegar información sobre todas as características técnicas da instalación para a cal se solicite a reserva incluídas nos anexos II e V desta resolución, correspondente á tecnoloxía do proxecto. Desde este servizo poderase acceder á aplicación informática e reservar os fondos.

Asemade os interesados poderán consultar en calquera dos teléfonos sinalados no párrafo anterior o estado da tramitación do procedemento.

Na páxina web disporase de instrucións de axuda para que os solicitantes poidan facer a reserva. En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información no



momento de encher os formularios, poderanse dirixir a esta entidade pública a través dos teléfonos 981 54 15 31 /981 54 15 30/ 981 54 15 24, do número de fax 981 54 15 15 ou do enderezo de correo electrónico inega.info@xunta.es

A aplicación informática prestará información en tempo real sobre os fondos económicos dispoñibles, producíndose a reserva de xeito automático, por rigorosa orde cronolóxica ata o esgotamento total do crédito dispoñible para cada unha das ditas tipoloxías de proxectos, dentro de cada un dos grupos e subgrupos mencionados no artigo 3.

O solicitante deberá encher todos os campos marcados como obrigatorios, e a aplicación informática calculará automaticamente, en función das características do proxecto e do establecido nestas bases para a categoría que se solicite, a contía da axuda que poderá ser obxecto de reserva.

Se no momento de realizar a reserva existen fondos económicos suficientes para a totalidade da axuda, e non houber anteriores proxectos en espera, quedará reservada a contía correspondente ao proxecto de que se trate, sen prexuízo da posterior revisión pola comisión técnica dos documentos que se presenten segundo se recolle no artigo 7.3 destas bases, que podería dar lugar, se é o caso, á modificación da axuda na resolución de concesión.

No suposto de que non existan fondos suficientes no momento de efectuar a reserva por estaren destinados previamente para outros proxectos con reserva ao seu favor, poderase confirmar igualmente, pero o expediente pasará á listaxe de espera que lle corresponda en función do proxecto de que se trate.

Existirá unha listaxe de espera por cada unha das tipoloxías establecidas no artigo 3, que estará ordenada por rigorosa orde de confirmación da solicitude na aplicación informática.

En todo caso, a reserva de fondos queda condicionada á presentación da solicitude e documentos necesarios, que poderá realizarse a través do Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia ou ben por algún dos medios a que fai referencia o artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE núm. 285, do 27 de novembro).

Para os expedientes que se atopan en listaxes de espera, a reserva de fondos poderá producirse no caso de que se liberen fondos de axudas correspondentes a expedientes



que previamente si obtiveron reserva de fondos, pero que polas circunstancias que sexan non se chegou á execución do proxecto.

A operativa das listaxes de espera explícase no artigo 11 destas bases reguladoras.

A reserva de fondos poderá ser cancelada polo propio solicitante mediante a mesma aplicación informática pola que se realizou, producíndose tamén esta cancelación de forma automática pola falta de presentación da solicitude na forma e prazo indicados nas seguintes epígrafes.

7.1.b) Prazo para a reserva de fondos a través da aplicación informática.

A reserva de fondos poderase realizar a través da aplicación informática, ou ben a través do servizo de atención telefónica previsto no artigo 7.1 a), a partir das 9.00 horas do quinto día hábil despois da publicación da resolución de convocatoria e aprobación de bases no *Diario Oficial de Galicia*, e permanecerá aberta ata as 14.00 horas do día 1 de outubro de 2013, sen prexuízo do sinalado no seguinte parágrafo.

No caso de que se esgote o crédito en axudas de expedientes executados e pagados para unha tipoloxía, finalizará a posibilidade de realizar a reserva a través da aplicación informática para ese tipo de proxecto.

7.2. Presentación de solicitudes

1. Unha vez realizada a reserva de fondos sinalada no número anterior, deberá presentarse obrigatoriamente a solicitude de axuda nos cinco (5) días hábiles seguintes, que servirá como inicio do expediente e confirmará a reserva de fondos efectuada.

2. No suposto de que non se presente a solicitude no prazo indicado por algún dos medios que se indicarán a seguir, cancelarase automaticamente a reserva de fondos, tanto no caso de dispoñer dunha reserva de fondos confirmada como no caso de atoparse nunha listaxe de espera.

3. As solicitudes deberán presentarse xunto coa documentación incluída no artigo 7.5 e no anexo I (Normas por tecnoloxía aplicada) unha vez realizados os pasos descritos anteriormente na aplicación informática, nunha das dúas seguintes formas:

A) Preferentemente, ante o Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia na mesma aplicación informática, mediante a sinatura electrónica do solicitante ou do representante legal



da entidade ou empresa que solicite a axuda. Para iso o solicitante ou representante legal deberá posuír un DNI electrónico ou calquera outro certificado dixital admitido pola sede.

A documentación complementaria prevista no artigo 7.5 presentarase escaneada dos orixinais, copias auténticas ou copias compulsadas. En calquera caso, o Inega reserva para si o dereito de requirir aos solicitantes os devanditos orixinais ou copias durante o proceso de tramitación (artigo 22.3 do Decreto 198/2012, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes).

B) Ademais dos medios electrónicos, admítense igualmente a presentación en formato papel, imprimindo os formularios xa cubertos na aplicación informática e presentándoos no Rexistro Único do Instituto Enerxético de Galicia, sito na rúa Avelino Pousa Antelo número 5, 15707 San Lázaro, de Santiago de Compostela. Tamén nos rexistros de calquera outro órgano da Xunta de Galicia, da Administración xeral do Estado, das deputacións provinciais, cabildos e consellos insulares, concellos a que se refire o artigo 121 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, ou ao resto das entidades que integran a Administración local, sempre que neste último caso se subscribise o oportuno convenio. Igualmente, poderán presentarse nas oficinas de Correos, na forma que regulamentariamente se estableza.

Cando se opte por esta vía de presentación da solicitude e se trate dun rexistro físico distinto ao do Inega, co obxecto de axilizar a tramitación do expediente, poderá remitirse ao enderezo electrónico inega.axudasrenovables@xunta.es o código da solicitude, entrada no rexistro e localidade onde se presentou.

4. A solicitude presentada non deberá engadir novos datos nin emendas ou variacións con respecto á que se validou mediante a aplicación informática. En caso contrario, as solicitudes non serán admitidas a trámite.

5. Tampouco se admitirán a trámite aquelas solicitudes referidas a proxectos que xa se presentaron en convocatorias anteriores e lles foi concedida a axuda correspondente, agás que previamente se renunciase a ela ou que o proxecto non fose executado.

6. O prazo máximo para a presentación das solicitudes rematará o día 7 de outubro de 2013.



7.3. Listaxes de espera.

As listaxes de espera formadas polos expedientes para os cales non existen fondos suficientes para ter dereito a unha reserva de fondos estarán dispoñibles na páxina web do Inega (www.inega.es), e serán actualizadas nos cinco días seguintes a producirse algunha variación nelas. Existirá unha listaxe de espera para cada unha das tipoloxías dos proxectos incluídos no artigo 3.

As solicitudes incluídas nestas listaxes aparecerán no estado «Listaxe de espera (núm. na listaxe)» pasando, se é o caso, a emitírselles unha resolución de concesión de axuda conforme se liberen fondos como consecuencia dalgunha das razóns expostas no artigo 11.

7.4. Limitacións de solicitudes por beneficiario.

1. Ningún posible beneficiario poderá realizar reservas de fondos e formular solicitudes de axudas por un importe superior a 100.000 euros entre todas as solicitudes formuladas nas diferentes liñas de subvención desta convocatoria. A axuda correspondente ao expediente co que se superaría esta contía minoraríase ata chegar aos 100.000 euros acumulados, mentres que as seguintes reserva de fondos presentadas polo mesmo solicitante non poderán tramitarse mediante a aplicación informática.

Do mesmo xeito, ningún solicitante poderá realizar reservas de fondos e formular solicitudes en expedientes pertencentes ao grupo de caldeiras de biomasa cunha axuda proposta acumulada superior a 60.000 euros, nin reserva de fondos e solicitudes cunha axuda acumulada en expedientes pertencentes aos grupos de enerxía solar fotovoltaica illada ou non illada de 20.000 euros.

A axuda correspondente ao expediente co que se superaría estas contías minorarase ata chegar aos límites anteriores, mentres que as seguintes solicitudes presentadas polo mesmo solicitante non poderán tramitarse mediante a aplicación informática.

No caso de que o solicitante renuncie a algunha ou todas as solicitudes previas, ou leve a cabo as xustificacións completas do investimento, ou o expediente sexa arquivado ou denegado, descontarase as contías correspondentes aos ditos expedientes do solicitante, e pode optar por solicitar máis axudas ata chegar aos límites anteriores.

A contía asignada a unha reserva de fondos xa tramitada non poderá incrementarse como consecuencia da liberación de fondos correspondente a unha das situacións ante-



riores, aínda que estivese inicialmente minorada por chegar a un dos límites anteriores no momento de producirse a dita solicitude.

2. Non se poderá facer unha reserva de fondos nin, polo tanto, solicitar unha axuda, para un proxecto que xa teña outra solicitada, independentemente de que teña unha axuda concedida ou se atope nunha listaxe de espera, sendo necesario para poder realizar unha nova solicitude que se produza a renuncia á solicitude do expediente anterior.

No caso de producirse esta renuncia e unha nova solicitude, esta incluírase na listaxe que lle corresponda segundo o seu novo momento de realización da reserva de fondos, sen conservarse a orde que lle correspondía á primeira solicitude.

Para os efectos do establecido nesta epígrafe, entenderase que se trata do mesmo proxecto aquel que se engloba no mesmo grupo de tecnoloxía e que se vai executar no mesmo lugar, sendo indiferente que se produzan variacións nalgunhas ou todas as características técnicas ou de investimento con respecto ao que se solicitou no primeiro lugar. O incumprimento desta condición dará lugar á cancelación da solicitude da axuda ou axudas aceptadas con posterioridade á primeira solicitude.

7.5. Relación de documentos e informacións que se presentarán xunto coa solicitude.

Os documentos que se presentarán xunto coa solicitude, que deberán ser orixinais ou copias cotexadas, incluírán unha parte administrativa (A) e unha parte técnica (B).

Será causa de inadmisión a trámite a presentación de copias simples.

Cada solicitante cubrirá por unha soa vez a parte administrativa exigida na aplicación informática, á marxe do número de proxectos que presente, e a devandita aplicación xerará unha documentación xenérica para cada proxecto solicitado, que o solicitante deberá presentar co referido proxecto técnico.

A solicitude deberaa cubrir o propio interesado ou a persoa que teña a representación legal en cada caso. Coa finalidade de axilizar a tramitación, no suposto de poderes mancomunados, o procedemento seguirase cun único representante que será determinado coa achega dun escrito asinado por todos os apoderados en que se indique quen asume a representación.



No caso de que os solicitantes sexan particulares ou autónomos poderase autorizar o Inega para efectuar a consulta da información necesaria en relación co seu NIF. Se non se autoriza a dita comprobación, deberase presentar copia do NIF en vigor.

A) Documentación administrativa:

Dentro da parte administrativa distinguirase a documentación común a todas as solicitudes (subepígrafe A.1.) e a específica en función do tipo de solicitante (subepígrafe A.2.).

A.1. Documentación que deben achegar todos os solicitantes:

1. Modelo de solicitude (anexo II). Marcarase expresamente o procedemento correspondente ao concepto solicitado. Deberá especificarse o tipo de solicitante (particular, autónomo, empresa, entidade sen ánimo de lucro, agrupación de persoas físicas e xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade xurídica) e encher todos os campos obrigatorios.

2. Declaración expresa doutras axudas concedidas ou solicitadas, ou ben de que non concorre ningunha outra axuda sobre o mesmo proxecto (anexo III).

A solicitude da axuda leva unida a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións expedidas polos organismos competentes que acrediten estar ao día no cumprimento das súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), a Tesouraría Xeral da Seguridade Social (TXSS) e a consellería competente en materia de economía e facenda.

En caso de que o solicitante denegue expresamente a devandita autorización, deberá, obrigatoriamente, presentar as certificacións coa solicitude. Non obstante o anterior, están exentos de achegar os xustificantes de cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social os beneficiarios das subvencións establecidos no artigo 51 da Lei 11/2011, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2012 (DOG núm. 249, do 30 de decembro).

A.2. Especificacións para algúns tipos de solicitantes:

1. Autónomos:

No suposto de que quen presente a solicitude se defina como profesional autónomo levará implícita a autorización ao órgano xestor para solicitar o certificado da AEAT en que se indiquen as epígrafes do imposto de actividades económicas (IAE) en que figura dado



de alta. No caso de que o solicitante denegue expresamente esta autorización, deberá, obrigatoriamente, acreditar o dito aspecto achegando a documentación tributaria correspondente.

2. Empresas:

A solicitude da axuda leva consigo a autorización ao órgano xestor para solicitar ao Rexistro Mercantil toda a información das empresas solicitantes que sexa necesaria para a resolución do procedemento. Se non tiveren o domicilio social en Galicia, deberá acreditarse a existencia dun centro de traballo ou a realización dalgunha actividade empresarial xustificable dentro do territorio da comunidade autónoma. As entidades que non se atopen obrigadas por lei a inscribirse no Rexistro Mercantil ou calquera outro rexistro público, presentarán a documentación acreditativa da constitución e da representación correspondente.

No suposto de tratarse dunha empresa que teña contratada a xestión enerxética total ou parcialmente dun inmovible ou instalación, deberase achegar, ademais, unha copia co-textada do contrato de servizos enerxéticos en que se recollan as cláusulas asociadas ao proxecto para a cal se solicita a axuda. Naqueles casos en que non se deduza do propio contrato, o Inega poderá requirir do titular ou titulares do inmovible ou instalación a constancia por escrito de que se ten coñecemento da axuda solicitada pola ESE (empresa de servizos enerxéticos).

3. Entidades sen ánimo de lucro:

- Documentación que acredite a representación con que se actúa.

4. Agrupación de persoas físicas e xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade xurídica:

- Documentación que acredite a súa constitución.
- Documentación que acredite a representación con que se actúa.
- Documento en que consten os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, indicando a porcentaxe da subvención que se vai aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios (anexo IV).



B) Documentación técnica:

A documentación técnica consta de:

1. Datos xerais do proxecto e memoria técnica en función do procedemento e concepto solicitado, debendo presentarse unha documentación completa por cada proxecto para o que se solicita subvención (anexo V).

2. Documentación técnica propia establecida en cada unha das epígrafes do anexo I (Normas por tecnoloxía aplicada) en función do tipo de instalación, correspondente á actuación para a cal se solicita a axuda.

Artigo 8. *Consentimentos e autorizacións*

1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras.

2. En virtude do disposto no artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos, que foi desenvolvido pola Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009, o solicitante autoriza o Inega para a consulta dos seus datos de identidade (NIF). No caso de que o interesado non prestase o dito consentimento para efectuar tal comprobación, poderá exixírselle que entregue a fotocopia do documento de identidade correspondente.

3. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións, convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da subvención consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no devandito rexistro, feito que terá lugar agás nos supostos legalmente establecidos, todo isto de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, pola que se regula a protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

4. De conformidade co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na administración pública galega, o Inega publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presen-



tación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na citada web, coas excepcións previstas nas leis.

A devandita autorización esténdese á cesión dos seus datos persoais á entidade financeira en que se aboe o pagamento das axudas, ao *Diario Oficial de Galicia* e as demais cesións previstas na lei.

5. O solicitante poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición no enderezo do Instituto Enerxético de Galicia, sito na rúa Avelino Pousa Antelo, nº 5, San Lázaro, 15707 Santiago de Compostela (A Coruña).

Artigo 9. *Emenda de solicitudes*

1. De conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se a solicitude de axuda non reúne algún dos requisitos ou non se acompaña da correspondente documentación exixidas nestas bases reguladoras, requirirase o interesado para que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixer, terase por desistido na súa petición, logo da correspondente resolución.

Igual requirimento se efectuará no suposto de resultado negativo da consulta cos organismos a que se refire o artigo 7.7 destas bases: Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT); Tesouraría Xeral da Seguridade Social (TXSS); consellería competente en materia de economía e facenda; Rexistro Mercantil e outros rexistros públicos.

2. Tales requirimentos de emenda serán notificados de acordo co establecido na Lei 30/1992; porén, de conformidade co establecido no artigo 59.6.b) da devandita lei, poderase substituír a notificación individual pola publicación no DOG e a través do taboleiro electrónico habilitado para estes efectos na páxina web do Inega (www.inega.es), onde se establecerá o contido pormenorizado do requirimento que se fai. Poderase facer indicación expresa de que os seguintes actos administrativos do procedemento serán notificados a través do citado taboleiro.

3. A documentación a que se refire a emenda poderá presentarse nos distintos lugares xa sinalados na letra B) do artigo 7.2 destas bases reguladoras.



4. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderá requirirse o solicitante para que achegue aqueles datos, documentos complementarios ou aclaracións que resulten necesarios na tramitación e resolución do procedemento.

5. Aqueles expedientes que non cumpran coas exixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, serán obxecto de resolución de inadmisión a trámite ou de denegación, dependendo da circunstancia que conorra en cada caso.

Artigo 10. *Procedemento de concesión das axudas*

A concesión das subvencións efectuarase respectando a rigorosa orde da reserva de fondos efectuada na aplicación informática, e logo de presentar a solicitude e documentación que sexa necesaria segundo o disposto nestas bases.

As solicitudes de axuda que, reunindo todos os requisitos, estean nunha das listaxes de espera serán atendidas co crédito que quedase libre ao producirse algunha cancelación ou reducións da axuda inicialmente asignada por modificacións das actuacións con axuda concedida, tal e como se establece no artigo 11 (operativa das listaxes de espera).

No caso de que a persoa física ou xurídica que resulte beneficiaria dunha subvención desexe renunciar á axuda concedida para a súa solicitude, deberá enviar un escrito asinado comunicando este feito, co fin de proceder ao arquivamento do expediente e liberar o crédito asignado.

Non axustarse aos termos da convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información será causa de denegación da solicitude, sen prexuízo do disposto nos artigos 50 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 11. *Operativa das listaxes de espera*

Os expedientes correspondentes a solicitudes que reúnan todos os requirimentos destas bases, para os que non existen fondos suficientes para poder acceder á axuda no momento de realizar a reserva de fondos, permanecerán na listaxe de espera que, pola súa tipoloxía, lles corresponda, ordenada por rigorosa orde segundo o momento en que se efectúe a dita reserva de fondos na aplicación informática.



No caso de que se vaian producindo liberacións de axudas reservadas por algún dos motivos que a seguir se indican, emitiranse as correspondentes novas resolucións de concesión para os expedientes que se atopen nas listaxes de espera da mesma tipoloxía en que se produce a liberación de fondos. Estas liberacións de fondos poderanse producir porque non se presenten os documentos da solicitude, por cancelacións da reserva tramitadas polo propio solicitante, por denegacións ou arquivamento de expedientes, incluíndo a desistencia da solicitude, a renuncia do beneficiario ou o non cumprimento, parcial ou completo, da xustificación do investimento no prazo establecido, da redución da axuda inicialmente outorgada como consecuencia de modificacións dos proxectos segundo as solicitudes realizadas, ou de calquera outro requirimento establecido nesta convocatoria.

As listaxes de espera manteranse en vigor ata o 31 de outubro de 2013, data límite para a emisión de resolucións de concesión. Todos os expedientes para os cales, nesa data, non existan fondos suficientes para atender a axuda serán arquivados por insuficiencia de partida orzamentaria destinada a subvencións en enerxías renovables comprendidas nesta convocatoria.

Igualmente procederá o arquivo de todos os expedientes da listaxe de espera dunha tipoloxía concreta no caso de que as axudas correspondentes a expedientes con investimentos debidamente xustificadas e pagadas igualem a partida orzamentaria dispoñible para a dita tipoloxía.

Artigo 12. *Órganos competentes*

1. O Departamento de Secretaría e Servizos Xerais do Instituto Enerxético de Galicia será o órgano competente para a instrución do procedemento administrativo de concesión das subvencións, e corresponde ao director do Instituto Enerxético de Galicia ditar as diferentes resolucións que deriven del.

2. Constituirase, ademais, unha comisión técnica composta pola persoa que dirixe o dito Departamento de Secretaría e Servizos Xerais, a que exerce a Xefatura da Área de Enerxías Renovables e un técnico dependente desa mesma área, coas seguintes atribucións:

a) Comprobar que as solicitudes realizadas cumpren cos requisitos establecidos nas bases reguladoras.

b) Verificar que os proxectos ou actuacións que se presenten resulten técnica, económica e financeiramente viables.



c) Someter ao seu criterio e análise a validez de toda aquela documentación achegada polos beneficiarios en calquera fase do procedemento, ou ben que derive do texto das bases xunto cos seus anexos.

Artigo 13. *Prazo máximo de resolución*

Para aqueles expedientes que, logo de confirmar a reserva de fondos, exista crédito suficiente para atender a súa solicitude, o prazo máximo para resolver e notificar a resolución será de dous (2) meses contados desde a recepción da solicitude. No caso de que un expediente teña dereito a unha axuda tras atoparse nunha listaxe de espera, por liberación de fondos doutros expedientes, os dous meses comezarán a contar desde o momento en que se produza a dita liberación de fondos.

Se transcourir o prazo máximo para resolver sen que se dite resolución expresa, os solicitantes poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo, de conformidade co artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 14. *Resolución e notificación das resolucións*

Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro. Con carácter xeral, non se enviarán notificacións postais e de conformidade co establecido no artigo 59.6.b) da indicada lei, no caso das resolucións de concesión poderase substituír a notificación individual pola publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do Inega (www.inega.es). Nesta publicación especificarase a data da convocatoria, o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade da subvención outorgada. Coa publicación no DOG poderán remitirse os beneficiarios a que consulten a información detallada da resolución a través do taboleiro electrónico de anuncios habilitado para estes efectos na páxina web do Inega.

Nas notificacións de concesión das axudas individuais concedidas ao abeiro desta convocatoria incluírase unha referencia expresa ás disposicións pertinentes do Regulamento 800/2008, o seu título e data de publicación no *Diario Oficial da Unión Europea* (DOUE), salvo cando os beneficiarios sexan particulares ou entidades e institucións que non desenvolvan actividades económicas que repercutan en terceiros, excluídos da aplicación do regulamento polo artigo 2.2 destas bases.

Todas as axudas concedidas pasarán a formar parte da lista pública prevista nos artigos 6 e 7.2.d) do Regulamento (CE) núm. 1828/2006, do 8 de decembro, da Comisión.



Artigo 15. *Modificación da resolución*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. Cando por circunstancias técnicas sexa imprescindible variar o contido específico dos investimentos recollidos no proxecto inicial, o órgano competente para a concesión da axuda poderá acordar a modificación da resolución por instancia do beneficiario, debendo cumprirse os requisitos previstos no número seguinte.

3. O órgano competente para a concesión da subvención poderá autorizar a modificación da resolución por instancia do beneficiario respectando os seguintes requisitos:

a) Que a modificación do proxecto estea comprendida dentro da finalidade das normas ou bases reguladoras.

b) Que se acredite a inexistencia de prexuízos a terceiros.

c) Que os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación, de teren concurrido na concesión inicial, non suporían a denegación da axuda.

4. O beneficiario deberá solicitar a modificación mediante instancia dirixida á dirección desta entidade acompañada daqueles documentos que acrediten o cumprimento dos requisitos sinalados no punto anterior, cun límite de 20 días hábiles antes da data de finalización do prazo para xustificar o investimento.

5. O acto polo que se acorde ou denegue a modificación do proxecto, que poderá ou non afectar os termos da resolución de concesión, será ditado polo director do Instituto Enerxético de Galicia unha vez valoradas as circunstancias concorrentes e os documentos achegados coa solicitude referida no anterior parágrafo.

Artigo 16. *Aceptación e renuncia*

1. Sen prexuízo dos recursos que procedan contra a resolución de concesión, transcorridos 10 días hábiles desde a súa notificación ou publicación sen que o interesado comunicase expresamente a súa renuncia á subvención, entenderase que a acepta, e desde ese momento adquirirá a condición de beneficiario.



2. A renuncia á subvención poderase facer por calquera medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 91 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. No caso de que se comunicase a renuncia, ditarase a correspondente resolución nos termos do artigo 42.1 da referida lei.

Artigo 17. *Execución da instalación e xustificación do investimento*

17.1. Prazos.

A execución da instalación deberá respectar a data de inicio establecida no artigo 2.3 destas bases. Non obstante, a data límite para executar o proxecto e presentar a documentación xustificativa dos investimentos variará en función dos prazos que a seguir se recollen na táboa, dependendo das características da instalación, e que se contarán a partir do día seguinte á notificación da resolución pola que se concede a axuda.

O último día para presentar a documentación de xustificación será aquel en que remate o prazo que corresponda, cunha única limitación: en ningún caso esa data poderá ser posterior ao 30 de novembro 2013, aínda que do cómputo do prazo lle correspondese unha data posterior.

Prazo máximo de xustificación dos investimentos (contado a partir do día seguinte á notificación da resolución de concesión)	
Energía solar térmica	
1. Instalacións solares térmicas no sector doméstico	2 meses
2. Resto das instalacións non incluídas na tipoloxía anterior	3 meses
Energía solar fotovoltaica e instalacións mixtas illadas	
Todas as instalacións	2 meses
Energía solar fotovoltaica e instalacións mixtas non illadas	
Todas as instalacións	3 meses
Caldeiras de biomasa	
1. Caldeiras de biomasa no sector doméstico	2 meses
2. Resto das instalacións non incluídas na tipoloxía anterior	3 meses

17.2. Presentación da documentación xustificativa dos investimentos.

1. A documentación correspondente á xustificación dos investimentos realizados, que se detalla na epígrafe 17.3 (Documentación da xustificación do investimento) presentarase ante o Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia, ante o Rexistro Único do Instituto Enerxético de Galicia ou por calquera dos restantes medios previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, e que xa foron mencionados no artigo 7.2 destas bases.



2. Tal e como dispón o artigo 46 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei subvencións, cando o órgano administrativo competente para a comprobación da subvención aprecie a existencia de defectos emendables nas xustificacións presentadas polos beneficiarios, porao no seu coñecemento e concederalle un prazo de dez (10) días para a súa corrección. Os requirimentos de emenda serán notificados de acordo co establecido na Lei 30/1992; porén, de conformidade co establecido no artigo 59.6.b) da devandita lei, poderase substituír a notificación individual pola publicación no DOG e a través do taboleiro electrónico habilitado para estes efectos na páxina web do Inega (www.inega.es), onde se incluírá o contido pormenorizado da documentación que se debe emendar.

3. No suposto de que transcorrese o prazo establecido de xustificación sen terse presentado documentación ningunha, requirírase igualmente o beneficiario para que no prazo improrrogable de dez (10) días a presente. Igual requirimento efectuará o Inega no suposto de resultado negativo da consulta cos seguintes organismos: Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) e Tesouraría Xeral da Seguridade Social e Consellería de Facenda, así como a verificación do NIF.

4. De non levarse a cabo a xustificación do investimento nos prazos sinalados anteriormente, producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia.

5. A presentación da xustificación no prazo adicional de dez (10) días referido no anterior parágrafo 3º non eximirá das sancións que, conforme a lei, correspondan.

17.3. Documentación xustificativa do investimento.

Para o cobramento da subvención concedida o beneficiario deberá xustificar previamente o investimento que lle supuxo executar o proxecto ou actuación subvencionado. Todos os investimentos deberán estar plenamente realizados, operativos e verificables na data límite de xustificación do proxecto que corresponda ao expediente.

Os documentos de xustificación deberán presentarse dentro do prazo que corresponda ao expediente segundo o establecido na epígrafe 17.1 (Prazos).

Os documentos, que deberán ser orixinais ou copias compulsadas, serán os seguintes:

a) Declaración expresa por parte do beneficiario de que o proxecto foi executado conforme o indicado na solicitude e documentación inicial. De existiren modificacións no proces-



to, achegarase un informe técnico cos datos e incidencias máis significativas ocorridas durante a execución.

b) Conta xustificativa composta de:

1. Xustificante do gasto mediante presentación de facturas desagregadas por conceptos ou unidades de obra.

Non se admitirán os supostos de autofacturación e, en relación coas empresas ou entidades vinculadas co beneficiario que executasen total ou parcialmente as actuacións subvencionadas, deberán concorrer as dúas circunstancias previstas no artigo 27.7.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

1) Que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado.

2) Que se obteña a pertinente autorización da dirección do Inega.

2. Xustificante do pagamento efectuado polo beneficiario:

- Xustificante bancario en todo caso (transferencia bancaria, xustificante bancario de ingreso de efectivo por portelo, certificación bancaria), en que conste o número da factura obxecto de pagamento, a identificación da persoa que realiza o pagamento, que deberá coincidir co beneficiario da axuda, e a identificación do destinatario do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa ou entidade que emitiu a factura.

- Cando o pagamento se efectuase a través dun efecto mercantil (cheque, obriga de pagamento, letra de cambio) achegarase copia do efecto xunto coa documentación bancaria (extracto da conta do beneficiario, documento bancario acreditativo do pagamento do efecto etc.) en que conste claramente que o efecto foi efectivamente cargado na conta do beneficiario dentro do prazo de xustificación.

- Naqueles casos en que o pagamento dos investimentos non se realizase totalmente no momento do remate do prazo de xustificación, a porcentaxe de axuda que corresponda segundo o anexo I poderase aplicar sobre a parte do investimento correctamente xustificada en tempo e forma, e sempre que a instalación obxecto da axuda estea rematada e en operación.

- Non se admitirán en ningún caso como xustificantes os documentos acreditativos de pagamentos en metálico nin os obtidos a través da internet se non están validados pola



entidade bancaria ou non dispoñen de códigos para a súa verificación por terceiros na sede electrónica da dita entidade bancaria.

Tanto a data dos xustificantes de gasto (facturas) como a dos xustificantes de pagamento (documentos bancarios) deberán estar comprendidas dentro do período de execución dos investimentos (artigo 2.3), é dicir, a partir do día seguinte ao da solicitude de axuda e ata aquel en que remate o prazo que corresponda á instalación en función dos previstos no artigo 17.1, sempre co límite do día 30 de novembro de 2013, que será a última data posible, aínda que polo cómputo lle correspondese unha posterior.

Non se admitirá aquela documentación xustificativa anterior ou posterior ás referidas datas.

c) Documentos que acrediten a elección da proposta económica máis vantaxosa -ou, de ser o caso, presentación de memoria xustificativa sustentada en criterios de eficiencia e economía, de non acollerse a tal criterio de elección -de entre un mínimo de 3 ofertas solicitadas a diferentes provedores, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas no Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público para o contrato menor, é dicir, 50.000 euros cando se trate de obras e 18.000 euros nos restantes casos.

Deberá remitirse o contido de cada unha das ofertas, e non se admitirá o certificado, informe, invitacións realizadas ou documento similar indicando que se solicitaron e se tiveron en conta tales ofertas na elección da proposta escollida sen que se concrete o seu alcance.

Unicamente non será necesario acreditar as 3 ofertas no suposto de que polas especiais características dos gastos que se subvencionan non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, debendo o beneficiario neste suposto prestar declaración expresa motivada en tal sentido.

Non se admitirán outras excepcións para non presentar as 3 ofertas cando pola contía sexa obrigatorio solicitalas.

d) Declaración expresa do conxunto das axudas concedidas ou solicitadas destinadas ao financiamento do mesmo proxecto. Deberase achegar unha copia da resolución ou resolucións de concesión das devanditas axudas.

e) Fotografía dos equipamentos principais instalados no lugar.



f) Excepcionalmente, no caso de que o solicitante denegase expresamente a autorización ao órgano xestor para que efectúe do oficio as comprobacións de que se atopa ao día das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración da Comunidade Autónoma, deberanse achegar tales certificacións.

Porén, de acordo coa normativa en materia de subvencións vixente, no suposto de que se trate de axudas concedidas a particulares ou entidades e institucións sen fin de lucro, cuxa contía non supere en ningún caso os 3.000 euros, admitirase a declaración responsable do solicitante de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, ademais de non ter ningunha outra débeda pendente coa Administración pública da comunidade autónoma.

g) Sempre que sexa obrigatorio, o beneficiario da axuda deberá contar coa autorización emitida pola consellería competente en materia de industria para a posta en servizo da instalación. No caso de que non se obtivese a autorización dentro do período de xustificación, si deberá terse solicitado xunto coa restante documentación do procedemento que corresponda (certificado de instalación, memoria técnica).

O Inega comprobará a existencia da autorización ou da súa solicitude a través da xefatura territorial correspondente, non sendo preciso achegar ningunha documentación polo beneficiario.

A data da autorización ou a súa solicitude deberá estar comprendida dentro do período de execución dos investimentos (artigo 2.3), é dicir, a partir do día seguinte ao da solicitude de axuda e ata aquel en que remate o prazo que corresponda á instalación en función dos previstos no artigo 17.1, sempre co límite do día 30 de novembro de 2013.

h) Ademais, naqueles casos en que así o requira a regulamentación vixente, achegárase o proxecto técnico (visado, no caso de ser necesario) e o certificado de dirección de obra presentados na xefatura territorial correspondente. A data deste último certificado deberá estar comprendida, igualmente, dentro do reiterado período de execución dos investimentos (artigo 2.3).

Artigo 18. *Réxime de recursos*

As resolucións ditadas ao abeiro do procedemento previsto nestas bases porán fin á vía administrativa e contra elas caberá interpoñer recurso contencioso administrativo, ante os



xulgados competentes segundo a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. O prazo de interposición é de dous (2) meses contados desde o día seguinte á recepción da notificación da resolución, ou ben de seis (6) meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Con carácter potestativo, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición perante o director do Instituto Enerxético de Galicia no prazo dun (1) mes, desde o día seguinte ao da recepción da notificación da resolución ou de tres (3) meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, segundo o establecido nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Non se poderá interpoñer recurso contencioso administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Artigo 19. *Pagamento*

1. Os órganos competentes do Instituto Enerxético de Galicia poderán solicitar as aclaracións ou informes relativos á xustificación do investimento que consideren convenientes. Transcorrido o prazo concedido para o efecto sen que o beneficiario os presentase, poderase entender que renuncia á subvención.

2. Previamente á proposta de pagamento, os servizos técnicos do Instituto Enerxético de Galicia poderán realizar unha inspección de comprobación material en que certifiquen que se realizou o investimento que foi obxecto da axuda e que tal investimento coincide co previsto na resolución de concesión.

3. No caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha realización deficiente do proxecto, a contía da subvención poderá reducirse proporcionalmente se debido á redución do investimento se superan as porcentaxes máximas de subvención.

Artigo 20. *Xestión informática das axudas*

Os beneficiarios poderán visualizar na aplicación informática o estado das súas solicitudes a medida que avanza a tramitación administrativa do expediente.

A aplicación informática con que se xestiona esta convocatoria indicará, polo menos, os seguintes estados en que se pode atopar a solicitude de axuda co significado que se indica en cada caso:

Borrador: os formularios atópanse en proceso de preparación por parte do solicitante, pero aínda non está confirmada a reserva de fondos.



Confirmada-Reserva: a reserva de fondos foi realizada mediante a aplicación informática por parte do solicitante. Os fondos correspondentes á axuda do expediente están reservados, pero a dita reserva está condicionada a que o beneficiario realice a presentación electrónica mediante o procedemento establecido, ou imprima a solicitude e a envíe asinada ao Inega, xunto co resto da documentación indicada no artigo 7.5. Se, transcorrido o prazo establecido no artigo 7.2, non se presenta a solicitude, (ou nos 10 días adicionais en caso de requirimento de emenda) a reserva será cancelada e liberaranse os fondos tal e como establece o artigo 11.

Confirmada-Espera: a reserva de fondos foi realizada mediante a aplicación informática polo solicitante, aínda que non existen fondos para conceder a dita axuda, polo que o expediente estar nunha listaxe de espera, en función da orde da dita solicitude. En todo caso, está pendente que o beneficiario realice a presentación electrónica mediante o procedemento establecido, ou imprima a solicitude e a envíe asinada ao Inega, xunto co resto da documentación indicada no artigo 7.5. Se, transcorrido o prazo establecido no artigo 7.2, non se presenta a solicitude, (ou nos 10 días adicionais en caso de requirimento de emenda), a reserva de fondos será cancelada e perderase a posición de espera en que se atopaba o expediente.

Solicitada-Reserva: recibíuse no Inega a documentación correspondente á solicitude de axuda do expediente, que ten unha reserva de fondos confirmada.

Solicitada-Espera: recibíuse no Inega a documentación correspondente á solicitude de axuda do expediente, que se atopa nunha listaxe de espera.

Documentación incompleta ou errónea: a documentación correspondente á solicitude, xa recibida no Inega, atópase incompleta ou é errónea, e está en fase de emenda. No caso de que a dita documentación non se emende no prazo de 10 días hábiles desde o día seguinte á recepción da notificación de emenda, a solicitude terase por desistida.

Validada-Axuda: a solicitude xa foi validada polo Inega, e está completa, polo que se emitirá a correspondente resolución de concesión.

Listaxe de espera (COD, X): a solicitude xa foi presentada, pero, dado que non existen fondos dispoñibles para o expediente, a solicitude de axuda está na listaxe de espera co código COD, ordenada no número X. Cando existan fondos dispoñibles, no caso de que o expediente cumpra todos os requirimentos da convocatoria, emitirase a correspondente resolución de concesión.



En execución: xa foi notificada a correspondente resolución de concesión de axuda e está en fase de execución, á espera da correspondente xustificación dos investimentos realizados segundo o prazo indicado no artigo 17.1.

En proceso de xustificación: recibíuse no Inega toda ou parte da documentación xustificativa dos investimentos, que está a ser revisada. No caso de ser necesario, emitirase a correspondente emenda de documentación da xustificación.

Xustificada: a documentación xustificativa do investimento está completa e revisada, polo que o expediente pasará, segundo o caso, á fase de inspección ou á tramitación do pagamento.

Pagamento en trámite: a solicitude está en proceso de pagamento. Nos próximos días recibirá o ingreso na súa conta.

Arquivado por non execución: a solicitude cancelouse por non presentarse a documentación establecida no artigo 17.3, unha vez transcorrido o prazo correspondente ao expediente (segundo o artigo 17.1), ou por non atender o requirimento de emenda da documentación da solicitude ou da xustificación dos investimentos no prazo de 10 días nos termos establecidos no artigo 17.

Arquivado: o expediente foi arquivado por un motivo diferente ao anterior.

Denegado: o expediente foi denegado.

Artigo 21. *Obrigas dos beneficiarios*

Son obrigas dos beneficiarios, sen prexuízo das demais obrigas que figuran no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.

b) Xustificar ante o Instituto Enerxético de Galicia o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou disfrute da subvención.

c) Someterse ás actuacións de comprobación que efectúe o Inega, así como a calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control



competentes, nomeadamente a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, achegando canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores. Ademais, no caso de fondos comunitarios, someterase á autoridade de xestión e aos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo.

d) Comunicar ao Instituto Enerxético de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentaron a concesión da subvención.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e sempre con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

e) Manter o investimento de que se trate para a finalidade e co carácter solicitado (particular, autónomo, empresa, entidade sen ánimo de lucro etc.) por un período mínimo de cinco anos unha vez rematado o proxecto.

f) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos resulten obrigados polas bases reguladoras das subvencións e normas comunitarias, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control, así como facilitar a «pista de auditoría». Así mesmo, deberán conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, mentres poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control, durante un período de tres anos a partir do peche do programa operativo.

g) O beneficiario da axuda deberá dar publicidade ao financiamento por parte do Inega do investimento que se subvenciona, que consistirá en incluír a imaxe institucional do Instituto Enerxético de Galicia e da Consellería de Economía e Industria, así como as inscricións relativas ao financiamento público nos carteis, placas conmemorativas, materiais impresos, medios electrónicos audiovisuais, ou ben en mencións realizadas nos medios de comunicación.

En todo caso, os beneficiarios estarán obrigados a cumprir as medidas en materia de información e publicidade reguladas na sección 1 do capítulo II do Regulamento CE núm. 1828/2006, da Comisión, do 8 de decembro de 2006, relativas ás medidas de información e publicidade, polo que se fixan normas de desenvolvemento para o Regulamento



(CE) núm. 1083/2006, do Consello, coas modificacións introducidas polo Regulamento (CE) núm. 846/2009, da Comisión, do 1 de setembro de 2009.

Estas medidas recóllense na Guía de publicidade e información das intervencións que contén con financiamento procedente dos fondos estruturais 2007-2013, que pode consultarse na páxina web da Consellería de Facenda (www.conselleriadefacenda.es).

h) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos, total ou parcialmente, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión ou nos supostos previstos no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 22. *Reintegro das axudas*

1. O incumprimento das obrigas contidas nestas bases reguladoras ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a subvención percibida, así como os xuros de demora correspondentes.

2. Para facer efectiva a devolución a que se refire o número anterior tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e ás súas normas de desenvolvemento.

Artigo 23. *Réxime de sancións*

Aos beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases aplicaráselles o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 24. *Fiscalización e control*

Os beneficiarios destas subvencións someteranse ás actuacións de control que realice o Instituto Enerxético de Galicia para o seguimento dos proxectos aprobados e ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, así como ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como, de ser o caso, á autoridade de xestión e aos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo.



Artigo 25. Comprobación de subvencions

1. O órgano competente para conceder a subvención comprobará a axeitada xustificación da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o goce da subvención.

2. Nas subvencións de capital superiores a 60.000 euros, no seu cómputo individual, destinadas a investimentos en activos tanxibles, será requisito imprescindible a comprobación material do investimento, e quedará constancia no expediente mediante acta de conformidade asinada tanto polo representante da Administración como polo beneficiario.

Artigo 26. Publicidade

1. No prazo máximo de tres meses contados desde a data de resolución das concesións, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación de subvencións concedidas, con indicación da norma reguladora, beneficiario, crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención.

2. Non obstante o anterior, cando os importes das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a 3.000 euros, non será necesaria a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, que será substituída pola publicación das subvencións concedidas na páxina web do Instituto Enerxético de Galicia.

Artigo 27. Remisión normativa

Para todo o non previsto nestas bases observarase o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da dita Lei 9/2007, sen prexuízo da aplicación dos regulamentos comunitarios citados no artigo 1 destas bases, e da restante normativa comunitaria e nacional que resulte de aplicación.

Esta resolución pon fin á vía administrativa e poderá ser impugnada en reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, cabe a interposición directa de recurso contencioso-administrativo ante os xulgados da dita xurisdición que resulten competentes, no



prazo de dous meses contados tamén a partir do día seguinte ao da publicación deste acto no *Diario Oficial de Galicia*.

No suposto de que se opte polo recurso de reposición, non caberá interpoñer o recurso contencioso administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta por silencio do recurso de reposición interposto.

Os interesados poderán aducir calquera outro recurso que coiden oportuno.

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2013

Ángel Bernardo Tahoces
Director do Instituto Enerxético de Galicia

ANEXO I Normas por tecnoloxía aplicada

1. Enerxía solar térmica.

a) Instalacións subvencionables.

Instalacións que aproveitan a radiación solar para o quentamento dun fluído mediante paneis solares planos ou tubos de baleiro, sempre que a súa utilización conduza a un aforo dun combustible convencional.

Non serán subvencionables aquelas instalacións destinadas á xeración de auga quente sanitaria (AQS) ou climatización de piscinas que sexan obrigatorias en virtude do Documento básico HE 4-Contribución solar mínima de auga quente sanitaria do Código técnico da edificación (CTE), aprobado polo Real decreto 314/2006, do 17 de marzo, independentemente da porcentaxe de contribución solar que cubra a instalación solar proxectada nestes usos. Para instalacións afectadas polo CTE que tamén se destinen a outras aplicacións non obrigadas por esta normativa, unicamente se poderá obter axuda pola parte correspondente a estas últimas aplicacións.

As instalacións solares destinadas ao apoio á calefacción no sector doméstico e terciario unicamente serán subvencionables se utilizan emisores de baixa temperatura de deseño (menores de 50° C), como chan radiante, radiadores de baixa temperatura ou *fan coils*.

Non serán subvencionables aquelas instalacións destinadas ao quentamento da auga de piscinas descubertas.



b) Beneficiarios.

Particulares; empresas e profesionais autónomos, incluídas as empresas de servizos enerxéticos (ESE); fundacións de carácter privado, asociacións, comunidades de propietarios e outras entidades sen ánimo de lucro; agrupacións de persoas físicas ou xurídicas sen personalidade xurídica (comunidades de bens, sociedades civís etc.).

c) Inversión subvencionable.

Considérase investimento subvencionable o custo dos equipamentos e compoñentes que forman parte da instalación (captadores solares térmicos, acumuladores, intercambiadores de calor, bombas de circulación, tubos, válvulas e conexións, vasos de expansión, illamentos, sistema eléctrico e de control, equipamentos de medida e demais equipamentos secundarios), así como a montaxe e conexión do conxunto, obra civil asociada, deseño de enxeñaría da instalación, dirección de obra e posta en marcha.

d) Contía máxima da subvención.

Segundo a tecnoloxía utilizada, a contía máxima da subvención será a seguinte:

Tipo de instalación	Subvención máxima
Paneis planos	450 euros/kW (*)
Tubos de baleiro	300 euros/m ² (**)

(*) A potencia en kW calcularase a partir da superficie útil de captación (de apertura) e da curva de rendemento do panel, con temperatura de entrada 45° C, temperatura ambiente 15° C e 800 W/m² de radiación.

(**) Superficie de apertura.

A contía da axuda resultante estará limitada polas porcentaxes aplicables no artigo 23 do Regulamento (CE) núm. 800/2008, da Comisión do 6 de agosto de 2008, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea (Regulamento xeral de exención por categorías). Nos casos en que o solicitante non sexa unha empresa, a porcentaxe aplicable será a correspondente a unha pequena empresa segundo este mesmo artigo.

A axuda máxima por proxecto será de 60.000 euros.

e) Documentación que se presentará coa solicitude.

– Anexos de datos administrativos.



– Anexo V (memoria técnica solar térmica).

– Documentación xustificativa de que a instalación obxecto da axuda non é obrigatoria en virtude do Código técnico da edificación aprobado polo Real decreto 314/2006, do 17 de marzo (esta documentación poderá consistir nunha copia da licenza de obras da edificación, copia das escrituras de compravenda ou de fin de obra da edificación, ou calquera outro documento co cal, ao xuízo da comisión técnica, quede constancia deste feito).

– Orzamento aceptado e asinado polo solicitante da axuda. Este documento deberá estar perfectamente detallado canto ás súas diferentes partidas económicas e, ademais, deberá estar asinado polo solicitante da axuda como proba de aceptación do documento. Non se admitirá ningún orzamento con partidas económicas agregadas, que fagan imposible a distinción das partidas económicas relevantes do proxecto; do mesmo modo, tampouco se admitirán orzamentos sen asinar polo solicitante da axuda.

– No caso de que o modelo do panel solar que se vai utilizar non figure na base de datos da aplicación informática mediante a cal se cobre a solicitude, deberá cubrir nela correctamente as características principais do modelo que se vai utilizar (marca, modelo, superficie de apertura e coeficientes de rendemento do ensaio realizado por unha entidade debidamente acreditada), co fin de que a aplicación informática poida calcular a axuda máxima asignable ao expediente. Do mesmo xeito, no caso de que o solicitante non estea de acordo coas características incluídas para un panel solar que si se atope na base de datos, poderase propoñer unha modificación destas características (superficie de apertura e/ou coeficientes de rendemento).

En calquera destes dous casos, á solicitude orixinal deberase xuntar unha copia completa do ensaio de rendemento do colector solar empregado, que inclúa os seus coeficientes de rendemento, e que estea emitida por unha entidade debidamente acreditada (segundo a Orde ITC/711/2007, do 22 de xaneiro, do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio ou, se for o caso, a norma que a substitúa).

Este documento considérase imprescindible para poder optar á obtención da axuda (no caso de tratarse dun novo panel) ou para poder modificar as características dos paneis incluídas na base de datos da aplicación informática.

– Fotografía de vista aérea en que se indique de forma apreciable a edificación onde se executará a instalación. Esta fotografía pode obterse no visor SIXPAC, no enderezo da internet <http://emediorural.xunta.es/visorsixpac/>.



– En todas as solicitudes de axudas en que unha das aplicacións da instalación sexa climatización de piscinas, deberanse xuntar fotografías do exterior e interior nas cales se aprecie claramente a piscina, o cerramento da edificación e a fonte auxiliar utilizada como apoio (caldeira, bomba de calor).

2. Enerxía solar fotovoltaica illada e instalacións mixtas illadas.

a) Instalacións subvencionables.

Instalacións illadas da rede eléctrica que transforman a radiación solar en enerxía eléctrica mediante paneis fotovoltaicos; igualmente, admitiranse as instalacións mixtas illadas de enerxía solar fotovoltaica con enerxía eólica e/ou enerxía minihidráulica.

En todo caso, deberá tratarse de instalacións afastadas da rede eléctrica convencional, destacando as seguintes:

- Electrificación agrícola ou gandeira: bombeos de auga, sistemas de rego.
- Electrificación de granxas illadas.
- Sinalización e comunicación: navegación aérea e marítima, estradas, repetidores de telecomunicacións etc.
- Refuxios e outras edificacións illadas.
- Iluminación con farolas autónomas.

Non serán subvencionables aquelas instalacións que sexan obrigatorias en virtude do Documento básico HE 5-Contribución fotovoltaica mínima de enerxía eléctrica do Código técnico da edificación, aprobado polo Real decreto 314/2006, do 17 de marzo.

b) Beneficiarios.

Particulares; empresas e profesionais autónomos, incluídas as empresas de servizos enerxéticos (ESE); fundacións de carácter privado, asociacións, comunidades de propietarios e outras entidades sen ánimo de lucro; agrupacións de persoas físicas ou xurídicas sen personalidade xurídica (comunidades de bens, sociedades civís etc.).



c) Requisitos da instalación.

A potencia eléctrica instalada nos equipamentos xeradores (paneis, aeroxerador etc.) sumando todas as tecnoloxías utilizadas será igual ou menor de 25 kW. Este límite será aplicable igualmente á suma das potencias nominais das instalacións que se inclúan en diferentes solicitudes de axudas e que estean situadas no mesmo lugar. Ademais, no caso de instalacións mixtas illadas, a potencia pico solar fotovoltaica deberá ser, como mínimo, a cuarta parte da potencia total da instalación.

En calquera dos casos, deberá xustificarse a utilización deste tipo de instalación illada pola dificultade ou imposibilidade de implantación de novas liñas eléctricas para conexión á rede de distribución, ou pola idoneidade da solución adoptada. Para iso, deberá xuntarse orzamento da compañía distribuidora valorando o custo de alimentarse dende a rede eléctrica actual, e deberase xuntar un estudo económico comparativo coas dúas alternativas de abastecemento eléctrico. No caso de non dispoñer desta documentación, ou de que esta solución non estea debidamente xustificada a xuízo da comisión técnica, non se poderá obter unha axuda correspondente a esta epígrafe (Enerxía solar fotovoltaica illada e instalacións mixtas illadas), e deberase optar pola da epígrafe seguinte (Enerxía solar fotovoltaica non illada e instalacións mixtas non illadas), cos requirimentos e axudas máximas indicadas nel.

d) Inversión subvencionable.

Formarán parte das partidas subvencionables o custo dos equipamentos e instalacións, módulos fotovoltaicos, aeroxeradores, turbinas, baterías, reguladores, convertedores, tendidos eléctricos e conexións, así como obra civil asociada, dirección e enxeñaría de proxecto, posta en marcha e documentación técnica.

Segundo a tecnoloxía utilizada, a contía máxima da subvención será a seguinte:

Tipo	Axuda máxima por potencia instalada
Enerxía solar fotovoltaica	1.500 €/kWp
Instalacións mixtas: axuda correspondente á parte da instalación con tecnoloxías diferentes da fotovoltaica	1.500 €/kW

A contía da axuda resultante estará limitada polas porcentaxes aplicables no artigo 23 do Regulamento (CE) núm. 800/2008, da Comisión do 6 de agosto de 2008, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea (Regulamento



xeral de exención por categorías). Nos casos nos que o solicitante non sexa unha empresa, a porcentaxe aplicable será a correspondente a unha pequena empresa segundo este mesmo artigo.

A axuda máxima por proxecto será de 20.000 euros (en instalacións mixtas, este límite inclúe a axuda máxima correspondente a todas as tecnoloxías utilizadas). Este límite será aplicable igualmente á suma das axudas para instalacións que se inclúan en diferentes solicitudes que estean situadas no mesmo lugar.

e) Documentación que se presentará coa solicitude.

– Anexos de datos administrativos.

– Orzamento da compañía distribuidora valorando o custo de alimentarse desde a rede eléctrica actual.

– Memoria técnico-económica, que inclúa, como mínimo, o seguinte alcance:

– Descrición da instalación proxectada.

– Xustificación das necesidades enerxéticas anuais no lugar da instalación.

– Cálculos de produción e dimensionamento.

– Esquema da instalación.

– Orzamento desagregado.

– Plano de situación onde se indique con claridade a distancia á rede eléctrica convencional.

– Estudo económico comparativo coas dúas alternativas de abastecemento eléctrico.

– Anexo V (Memoria técnica solar fotovoltaica e mixtas illadas), no cal deben coincidir todos os datos cos da Memoria técnico-económica indicada anteriormente.

– Orzamento aceptado e asinado polo solicitante da axuda. Este documento deberá estar perfectamente detallado canto ás súas diferentes partidas económicas e, ademais, deberá estar asinado polo solicitante da axuda como proba de aceptación do documento. Non



se admitirá ningún orzamento con partidas económicas agregadas que fagan imposible a distinción das partidas económicas relevantes do proxecto; do mesmo modo, tampouco se admitirán orzamentos sen asinar polo solicitante da axuda.

– Folla de características dos paneis fotovoltaicos e do aeroxerador e/ou turbina, regulador e baterías.

– Copia do certificado de cumprimento da normativa IEC dos equipamentos xeradores utilizados, emitido por unha entidade debidamente acreditada (organismos certificadores, institutos tecnolóxicos etc.).

– Fotografía de vista aérea en que se indique de forma apreciable a edificación ou terreo onde se executará a instalación. Esta fotografía pode obterse no visor SIXPAC, no enderezo da internet <http://emediorural.xunta.es/visorsixpac/>.

– No caso de atoparse no ámbito de aplicación especificado no artigo 1.1. do documento HE 5-Contribución fotovoltaica mínima de enerxía eléctrica do Código técnico da edificación, aprobado polo Real decreto 314/2006, do 17 de marzo, achegarase documentación xustificativa de que a implantación da instalación obxecto da axuda non é obrigatoria (esta documentación poderá consistir nunha copia da licenza de obras da edificación, copia das escrituras de compravenda ou de fin de obra da edificación, fotografías actuais ou calquera outro documento co cal, ao xuízo da comisión técnica, quede constancia deste feito).

– En instalacións que incorporen aproveitamento minihidráulico, deberase xuntar unha relación dos permisos e licenzas solicitados ou que se prevé solicitar para a execución da instalación.

3. Enerxía solar fotovoltaica non illada e instalacións mixtas non illadas.

a) Instalacións subvencionables.

Instalacións que transforman a radiación solar en enerxía eléctrica, mediante paneis fotovoltaicos, para a súa posterior inxección na rede eléctrica e/ou na rede interior dunha subministración existente; igualmente, admitiranse as instalacións mixtas non illadas de enerxía solar fotovoltaica con enerxía eólica e/ou enerxía minihidráulica.

Non serán subvencionables aquelas instalacións que sexan obrigatorias en virtude do Documento básico HE 5-Contribución fotovoltaica mínima de enerxía eléctrica do Código técnico da edificación, aprobado polo Real decreto 314/2006, do 17 de marzo.



b) Beneficiarios.

Particulares; empresas e profesionais autónomos, incluídas as empresas de servizos enerxéticos (ESE); fundacións de carácter privado, asociacións, comunidades de propietarios e outras entidades sen ánimo de lucro; agrupacións de persoas físicas ou xurídicas sen personalidade xurídica (comunidades de bens, sociedades civís etc.).

c) Requisitos da instalación.

A potencia nominal da instalación en inversores será igual ou inferior a 50 kW. Ademais, no caso de instalacións mixtas, a potencia pico solar fotovoltaica deberá ser, como mínimo, a cuarta parte da potencia total da instalación.

d) Inversión subvencionable.

Formarán parte das partidas elixibles o custo dos equipamentos e instalacións necesarias para o correcto funcionamento do sistema.

e) Contía máxima da subvención.

Segundo a tecnoloxía utilizada, a contía máxima da subvención por proxecto (ou proxectos situados na mesma edificación) será a seguinte:

Tipo	Axuda máxima por potencia instalada
Energía solar fotovoltaica	600 €/kWp
Instalacións mixtas: axuda correspondente á parte da instalación con tecnoloxías diferentes da fotovoltaica	1.000 €/kW

A contía da axuda resultante estará limitada polas porcentaxes aplicables no artigo 23 do Regulamento (CE) núm. 800/2008, da Comisión do 6 de agosto de 2008, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea (Regulamento xeral de exención por categorías). Nos casos en que o solicitante non sexa unha empresa, a porcentaxe aplicable será a correspondente a unha pequena empresa segundo este mesmo artigo.

A axuda máxima por proxecto será de 20.000 euros (en instalacións mixtas, este límite inclúe a axuda máxima correspondente a todas as tecnoloxías utilizadas). O límite anterior será aplicable igualmente á suma das axudas para instalacións que se inclúan en diferentes solicitudes que estean situadas no mesmo lugar.



f) Documentación que se presentará coa solicitude.

– Anexos de datos administrativos.

– Memoria técnico-económica que inclúa, como mínimo, o seguinte alcance:

– Descrición da instalación proxectada.

– Cálculos de produción e dimensionamento.

– Balance enerxético (vertiedura á rede, autoconsumo, compra da rede etc.).

– Esquema da instalación.

– Orzamento desagregado.

– Plano de situación onde se reflicta a localización dos paneis.

– Anexo V (Memoria técnica solar fotovoltaica e mixtas non illadas), no cal deben coincidir todos os datos cos da memoria técnico-económica indicada anteriormente.

– Orzamento aceptado e asinado polo solicitante da axuda. Este documento deberá estar perfectamente detallado canto ás súas diferentes partidas económicas e, ademais, deberá estar asinado polo solicitante da axuda como proba de aceptación do documento. Non se admitirá ningún orzamento con partidas económicas agregadas que fagan imposible a distinción das partidas económicas relevantes do proxecto; do mesmo modo, tampouco se admitirán orzamentos sen asinar polo solicitante da axuda.

– Copia do certificado de cumprimento da normativa IEC dos paneis fotovoltaicos utilizados, emitido por unha entidade debidamente acreditada (organismos certificadores, institutos tecnolóxicos etc.).

– Certificado de homologación do inversor/es.

– Fotografía de vista aérea na que se indique de forma apreciable a edificación ou terreo onde se executará a instalación. Esta fotografía pode obterse no visor SIXPAC, no enderezo da internet <http://emediorural.xunta.es/visorsixpac/>.

– No caso de atoparse no ámbito de aplicación especificado no artigo 1.1. do documento HE 5-Contribución fotovoltaica mínima de enerxía eléctrica do Código técnico da edifica-



ción, aprobado polo Real decreto 314/2006, do 17 de marzo, achegarase documentación xustificativa de que a implantación da instalación obxecto da axuda non é obrigatoria (esta documentación poderá consistir nunha copia da licenza de obras da edificación, copia das escrituras de compravenda ou de fin de obra da edificación, fotografías actuais ou calquera outro documento co cal, ao xuízo da comisión técnica, quede constancia deste feito).

– En instalacións que incorporen aproveitamento minihidráulico, deberase xuntar unha relación dos permisos e licenzas solicitados ou que se prevé solicitar para a execución da instalación.

4. Caldeiras de biomasa.

a) Instalacións subvencionables.

Instalacións para o calentamento dun fluído mediante caldeiras homologadas, que utilicen biomasa como combustible. Non serán subvencionables proxectos que consistan unicamente en substitucións de queimadores en caldeiras xa existentes, nin xeradores de aire quente, estufas de aire ou cociñas calefactoras.

b) Beneficiarios.

Particulares; empresas e profesionais autónomos, incluídas as empresas de servizos enerxéticos (ESE); fundacións de carácter privado, asociacións, comunidades de propietarios e outras entidades sen ánimo de lucro; agrupacións de persoas físicas ou xurídicas sen personalidade xurídica (comunidades de bens, sociedades civís etc.).

c) Inversión subvencionable.

Formarán parte das partidas subvencionables o custo da caldeira e os seus accesorios, o custo do sistema de almacenamento de combustible e o custo do sistema de alimentación de combustible, así como a súa montaxe e conexión.

d) Contía máxima da subvención.

De forma xeral, a axuda máxima por potencia térmica da caldeira ou caldeiras será a seguinte:

Rango de potencia	Axuda por potencia
$P \leq 40 \text{ kW}$	50 €/kW
$P > 40 \text{ kW}$	40 €/kW



Esta axuda por potencia instalada poderá ser ampliada en caso de que o sistema incorpore melloras técnicas adicionais, de acordo coas contías da seguinte táboa:

	P <= 40 kW	P > 40 kW
Mellora técnica do sistema	Axuda adicional (€/kW)	Axuda adicional (€/kW)
Caldeira con sistema de alimentación de forma automática desde o sistema de almacenamento, e que este sistema teña unha capacidade igual ou maior a 250 litros e inferior a 1000 litros (*)	+ 10 €/kW	+ 10 €/kW
Caldeira con sistema de alimentación de forma automática desde o sistema de almacenamento, e que este sistema teña unha capacidade igual ou maior a 1000 litros (*)	+ 30 €/kW	+ 20 €/kW
Caldeira con sistema de limpeza automática de intercambiador	+ 20 €/kW	+ 20 €/kW

(*) Non se considerará sistema de alimentación automática cando esta se realice por gravidade desde o sistema de almacenamento.

A contía da axuda resultante estará limitada polas porcentaxes aplicables no artigo 23 do Regulamento (CE) núm. 800/2008, da Comisión do 6 de agosto de 2008, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea (Regulamento xeral de exención por categorías). Nos casos en que o solicitante non sexa unha empresa, a porcentaxe aplicable será a correspondente a unha pequena empresa segundo este mesmo artigo.

A axuda máxima por proxecto será a seguinte:

Rango de potencia	Axuda máxima por proxecto
P <= 40 kW	3.000 €
P > 40 kW	30.000 €

e) Documentación que se presentará coa solicitude.

– Anexos de datos administrativos.

– Memoria técnico-económica, que inclúa, como mínimo, o seguinte alcance:

- Descrición da instalación proxectada.
- Descrición detallada dos sistemas da caldeira (acendido, alimentación, limpeza, extracción de cinzas etc.).



- Descrición detallada do sistema de almacenamento de biomasa que se vai instalar (silo, depósito etc.) e do sistema de alimentación de combustible ata a caldeira.

- Orzamento desagregado.

- Plano de situación onde se indique a localización dos equipamentos.

- Anexo V (Memoria técnica caldeiras de biomasa).

- Certificado de homologación da caldeira de biomasa segundo a normativa vixente.

- Folla de características da caldeira utilizada.

- Orzamentos aceptado e asinado polo solicitante da axuda. Este documento deberá estar perfectamente detallado canto ás súas diferentes partidas económicas e, ademais, deberá estar asinado polo solicitante da axuda como proba de aceptación do documento. Non se admitirá ningún orzamento con partidas económicas agregadas, que fagan imposible a distinción das partidas económicas relevantes do proxecto; do mesmo modo, tampouco se admitirán orzamentos sen asinar polo solicitante da axuda.

- Fotografía de vista aérea en que se indique de forma apreciable a edificación onde se executará a instalación. Esta fotografía pode obterse no visor SIXPAC, no enderezo da internet <http://emediorural.xunta.es/visorsixpac/>





ANEXO II

PROCEDEMENTO <i>SOLICITUDE DE AXUDAS DE ENERXÍA SOLAR TÉRMICA</i>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <i>IN421A</i>	DOCUMENTO <i>SOLICITUDE</i>
--	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

TIPO DE SOLICITANTE				
NOME E APELIDOS / RAZÓN SOCIAL			NIF:	
NA SÚA REPRESENTACIÓN NOME E APELIDOS			NIF:	
ENDEREZO		PROVINCIA	CONCELLO	
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO
SECTOR INDUSTRIAL			CNAE	
Nº EMPREGADOS	BALANCE XERAL ANUAL		VOLUME DE NEGOCIOS	

DATOS BANCARIOS / NÚMERO DE CONTA BANCARIA (20 DÍXITOS)

TITULAR DA CONTA	ENTIDADE	OFICINA	DC	NÚMERO
------------------	----------	---------	----	--------

DATOS DO PROXECTO

NOME DO PROXECTO			
ENDEREZO DO PROXECTO			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
COORDENADAS UTM X:		COORDENADAS UTM Y:	
REFERENCIA CATASTRAL ONDE SE SITUÁ A INSTALACIÓN			
EMPRESA INSTALADORA			TELÉFONO

TIPOLOXÍA

--

DATOS XERAIS DA INSTALACIÓN

INVESTIMENTO TOTAL QUE SE VAI REALIZAR (SENIVE)	IVE (%)
CONTÍA MÁXIMA DA RESERVA PARA ESTE PROXECTO	





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E INDUSTRIA



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO
REGIONAL
"Fondos europeos de cohesión"



INSTITUTO
ENERXÉTICO DE GALICIA

ESTADO DA SOLICITUDE

O SOLICITANTE / REPRESENTANTE LEGAL DECLARA:

- Que consente de modo expreso a incorporación e tratamento dos seus datos nos ficheiros informáticos de titularidade do Inega, coa finalidade de aplicar este programa de subvencións, e que poderán ser cedidos á/s entidade/s que financie/n a actuación, á entidade financeira en que se aboe o pagamento das axudas, ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, ao *Diario Oficial de Galicia*, e outras cesións previstas na lei.
- Que son certos cantos datos figuran nesta solicitude, que coñece e acepta as disposicións da resolución que regula estas axudas, que se cumpren os requisitos sinalados na dita resolución e que se compromete a destinar o importe da axuda ao obxecto do proxecto indicado na solicitude.
- Que non se atopa dentro das causas de prohibición para ser beneficiario de subvencións públicas segundo establece o artigo 10.2 e 3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 121, do 13 de xuño)
- Que autoriza o Inega para que solicite de oficio os certificados de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración xeral do Estado e da Seguridade Social, e de non ter débedas pendentes coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Que autoriza o Inega para a consulta dos datos de identidade do solicitante, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009 que o desenvolve.
- Que o obxecto da subvención non se dedica nin se adscribe a ningunha actividade empresarial ou profesional, o que supón a posibilidade de ter en conta a parte correspondente ao IVE no custo total do investimento subvencionado (declaración responsable de exención do IVE).
- (Só no caso de que o solicitante sexa unha empresa) Que non se atopa en crise, nin en ningunha outra das situacións de exclusión previstas no parágrafo 3º e seguintes do artigo 1 do Regulamento (CE) núm. 800/2008, do 6 de agosto de 2008, da Comisión, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea (Regulamento xeral de exención por Categorías), publicado no *Diario Oficial da Unión Europea* (DOUE L 214, do 9 de agosto de 2008).
- Que, no suposto de resultar beneficiario/a da axuda, coñece e asume a obriga de manter no seu patrimonio a inversión subvencionada durante un período mínimo de cinco (5) anos, a partir do pagamento da axuda, ou se é o caso, durante a vida útil da instalación se fora inferior ao dito período, quedando obrigado a comunicar de inmediato ao Instituto Enerxético de Galicia (Inega) o posible incumprimento da dita obrigación, de terse producido, e ao reintegro no dito suposto da axuda percibida.
- Que o proxecto para o que solicita a axuda está sito na Comunidade Autónoma de Galicia.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase que os datos persoais recollidos nesta solicitude incorporaranse a un ficheiro para o seu tratamento, relacionado coa xestión deste procedemento. Poderanse exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido ao Instituto Enerxético de Galicia como responsable do ficheiro no seguinte enderezo: Rúa Avellino Pousa Antelo, núm. 5 (San Lázaro), 15707 Santiago de Compostela.

De conformidade co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, o Inega publicará na súa páxina web (www.inega.es) a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao abeiro desta Resolución e, se é o caso, as sancións que puidesen impoñerse. A presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a referida publicidade.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do ___ de ___ de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para o ano 2013 a proxectos de enerxías renovables, con financiamento procedente de fondos comunitarios do Programa Operativo Feder-Galicia 2007-2013

SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

D./D.ª: _____

Lugar e data _____, ____ de _____ de 2013




DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA

<p>Documentación administrativa obrigatoria que deben achegar todos os solicitantes</p> <p><input type="checkbox"/> Modelo de solicitude (ANEXO II)</p> <p><input type="checkbox"/> Declaración expresa doutras axudas (ANEXO III)</p>
<p>Documentación adicional obrigatoria para autónomos só cando se denegue expresamente a autorización prevista nas bases reguladoras</p> <p><input type="checkbox"/> Copia cotexada do último imposto sobre actividades económicas (IAE) ou alta neste, nos casos nos que se estea exento do pagamento.</p>
<p>Documentación adicional obrigatoria para empresas só cando non estean obrigadas a estar inscritas no Rexistro Mercantil ou ben non teñan domicilio social en Galicia</p> <p><input type="checkbox"/> Documento de constitución da sociedade.</p> <p><input type="checkbox"/> Documento público acreditativo do poder con que actúa o representante da empresa ou entidade solicitante.</p> <p><input type="checkbox"/> Documento que xustifique a existencia dun centro de traballo en Galicia ou a realización dalgunha actividade empresarial xustificable dentro do territorio da comunidade autónoma de Galicia</p>
<p>Documentación adicional obrigatoria para Empresas de Servizos Enerxéticos (ESE)</p> <p><input type="checkbox"/> Copia cotexada do contrato de servizos enerxéticos no que se recollan as cláusulas asociadas ao proxecto para o que se solicita a axuda.</p>
<p>Documentación adicional obrigatoria para entidades sen ánimo de lucro</p> <p><input type="checkbox"/> Documentación que acredite a representación coa que se actúa</p>
<p>Documentación adicional obrigatoria para agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade xurídica</p> <p><input type="checkbox"/> Documentación que acredite a súa constitución.</p> <p><input type="checkbox"/> Documento que acredite a representación coa que se actúa</p> <p><input type="checkbox"/> Documento en que consten os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, indicando a porcentaxe da subvención que se vai aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. (ANEXO IV)</p>

VÁLIDO SO PARA EFECTOS INFORMATIVOS





DOCUMENTACIÓN TÉCNICA

- Anexo V (Memoria técnica solar térmica)

- Documentación xustificativa de que a instalación obxecto da axuda non é obrigatoria en virtude do Código técnico da edificación aprobado polo Real decreto 314/2006, do 17 de marzo (esta documentación poderá consistir nunha copia da licenza de obras da edificación, copia das escrituras de compravenda ou de fin de obra da edificación, ou calquera outro documento co cal, ao xuízo da Comisión Técnica, quede constancia deste feito).

- Presupuesto aceptado e asinado polo solicitante da axuda. Este documento deberá estar perfectamente detallado en canto ás súas diferentes partidas económicas e, ademais, deberá estar asinado polo solicitante da axuda como proba de aceptación do documento. Non se admitirá ningún presupuesto con partidas económicas agregadas, que fagan imposible a distinción das partidas económicas relevantes do proxecto; do mesmo modo, tampouco se admitirán presupostos sen asinar polo solicitante da axuda. Este documento non será necesario no caso de tratarse de instalacións promovidas por Administracións Públicas.

- No caso de que o modelo do panel solar que se vai utilizar non figure na base de datos da aplicación informática mediante a que se cubre a solicitude, deberá cubrir nela correctamente as características principais do modelo que se vai utilizar (marca, modelo, superficie de apertura e coeficientes de rendemento do ensaio realizado por unha entidade debidamente acreditada), co fin de que a aplicación informática poda calcular a axuda máxima asignable ao expediente. Do mesmo xeito, no caso de que o solicitante non estea de acordo coas características incluídas para un panel solar que si se atope na base de datos, poderase propoñer unha modificación destas características (superficie de apertura e/ou coeficientes de rendemento).

En calquera destes dous casos, á solicitude orixinal deberase xuntar unha copia completa do ensaio de rendemento do colector solar empregado, que inclúa os seus coeficientes de rendemento, e que estea emitida por unha entidade debidamente acreditada (segundo a Orde ITC/71/2007, do 22 de xaneiro, do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio ou, no seu caso, a norma que a substitúa).

Este documento considérase imprescindible para poder optar á obtención da axuda (no caso de tratarse dun novo panel) ou para poder modificar as características dos paneis incluídas na base de datos da aplicación informática.

- Fotografía de vista aérea na que se indique de forma apreciable a edificación onde se executará a instalación. Esta fotografía pode obterse no visor SIXPAC, no enderezo da Internet <http://emediorural.xunta.es/visorsixpac/>.

- En todas as solicitudes de axudas nas que unha das aplicacións da instalación sexa climatización de piscinas, deberanse xuntar fotografías do exterior e interior nas que se aprecie claramente a piscina, o cerramento da edificación e a fonte auxiliar utilizada como apoio (caldeira, bomba de calor).

VÁLIDO SÓ PARA EFECTOS INFORMÁTICOS





ANEXO III

DECLARACIÓN EXPRESA DOUTRAS AXUDAS POR PARTE DO SOLICITANTE

Don/Dona	con NIF:
No seu nome, (ou ben) En representación da entidade:	con NIF:
con relación á solicitude con código: IN421 _____	

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

1. Que a instalación técnica á que se refire a presente solicitude de axuda, xa foi subvencionada con axudas procedentes doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados en diversos conceptos de gasto, polo que, para os efectos oportunos, infórmase (*):

	Organismo / Entidade concedente	Investimento subvencionado	Importe total concedido (euros)	Disposición reguladora
Axudas concedidas				

(*): Para cada unha das axudas concedidas deberase achegar xunto con esta declaración os seguintes documentos:
 - Copia da resolución de concesión individualizada
 - Detalle dos distintos conceptos de gasto subvencionados cos seus importes

2. Que solicitou as seguintes axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados para a realización da mesma instalación técnica obxecto da presente solicitude, comprometéndose no caso de que se lle concedan a achegar unha copia da resolución de concesión xunto co detalle e importe dos conceptos de gasto subvencionados:

	Organismo / Entidade á que se solicita	Investimento subvencionable	% de axuda sobre o investimento	Disposición reguladora
Axudas solicitadas				

3. Que non obtivo nin ten solicitadas axudas doutras administracións ou doutros entes públicos ou privados para a realización de todas ou algunhas das actuacións incluídas na instalación técnica obxecto da presente solicitude de axuda

E para que así conste ante o Instituto Enerxético de Galicia (Inega), asino a presente declaración no lugar e data abaixo indicado.

SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA	
D./Dña: _____ Lugar e data _____, _____ de _____ de 2013	






ANEXO V

MEMORIA TÉCNICA SOLAR TÉRMICA

DATOS DO PROXECTO

NOME E APELIDOS / RAZÓN SOCIAL		NIF:	
NOME DO PROXECTO			
ENDEREZO DO PROXECTO			
CODIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
COORDENADAS UTM X:		COORDENADAS UTM Y:	
REFERENCIA CATASTRAL ONDE SE UBICA A INSTALACIÓN			
EMPRESA INSTALADORA		TELÉFONO	

TIPOLOXÍA

--

ESTADO DA SOLICITUDE

--

DATOS XERAIS DA INSTALACIÓN

Trátase dunha instalación obrigatoria polo novo Código Técnico de Edificación, sexa obra nova ou rehabilitación, para a xeración de auga quente sanitaria e /ou climatización de piscinas? <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON

CAPTADORES PLANOS: SI NON

Nº CAPTADORES	MARCA E MODELO	SUP. APERTURA (m2)	GARANTÍA (ANOS)




 TUBOS DE BALEIRO: SI NON

Nº	MARCA E MODELO	SUP. APERTURA(m2)	GARANTÍA (ANOS)

SISTEMA DE ACUMULACIÓN DA INSTALACIÓN:

ACUMULADORES			
CANTIDADE	MARCA	MODELO	VOLUME ACUM

APLICACIÓNS

AUGA QUENTE SANITARIA <input type="checkbox"/>			
NÚMERO MÁXIMO DE USUARIOS DIARIO	NÚMERO MEDIO DE USUARIOS DIARIO	<input type="checkbox"/> POLIDEPORTIVO	SUPERFICIE m2

 APOIO A CALEFACCIÓN

TIPO DE EMISOR	TEMPERATURA DESEÑO DA CALEFACCIÓN (°C)
SUPERFICIE QUE SE VAI CALEFACTAR	

 PISCINAS CUBERTAS

TIPO DE CERRAMENTO	USO
FONTE AUXILIAR DE CLIMATIZACIÓN	DIMENSIÓN PISCINA (M) (LARGO X ANCHO)
VOLUME TOTAL DA PISCINA (m3)	

 APLICACIÓNS INDUSTRIAIS

APLICACIÓN	TEMPERATURA DO FLUÍDO NECESARIA PARA O PROCESO (°C)
------------	---

 APLICACIÓNS AGRÍCOLAS OU GANDEIRAS

APLICACIÓN	TEMPERATURA DO FLUÍDO NECESARIA PARA O PROCESO (°C)
------------	---





OUTRAS <input type="checkbox"/>	
APLICACIÓN	TEMPERATURA DO FLUÍDO NECESARIA PARA O PROCESO (°C)

SECTOR

DESGLOSE DO ORZAMENTO

EQUIPOS		OUTROS CONCEPTOS	
CAPTADORES (€)		OBRA CIVIL (€)	
ESTRUTURA SOPORTE(€)		MONTAXE (€)	
SIST. ACUMULACIÓN (€)		ENXEÑARÍA (€)	
INTERCAMBIADOR (€)		OUTROS GASTOS (€)	
BOMBEO (€)			
EQUIPO DE CONTROL (€)			
MONITORIZACIÓN (€)			

DATOS XERAIS DA INSTALACIÓN

INVESTIMENTO TOTAL A REALIZAR (SEN IVE)	IVE (%)
CONTÍA MÁXIMA DA RESERVA PARA ESTE PROXECTO	

DESCRICIÓN BREVE DO PROXECTO

DESCRIPCIÓN BREVE DO PROXECTO

SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

D./D.ª: _____ Lugar e data _____, _____ de _____ de 2013






ANEXO II

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
SOLICITUDE DE AXUDAS DE ENERXÍA SOLAR FOTOVOLTAICA ILLADA E INSTALACIÓNS MIXTAS ILLADAS	IN421B	SOLICITUDE

DATOS DO SOLICITANTE

TIPO DE SOLICITANTE					
NOME E APELIDOS / RAZÓN SOCIAL				NIF:	
NA SÚA REPRESENTACIÓN NOME E APELIDOS				NIF:	
ENDEREZO		PROVINCIA		CONCELLO	
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO	
SECTOR INDUSTRIAL			CNAE		
Nº EMPREGADOS	BALANCE XERAL ANUAL		VOLUME DE NEGOCIOS		

DATOS BANCARIOS / NÚMERO DE CONTA BANCARIA (20 DÍXITOS)

TITULAR DA CONTA	ENTIDADE	OFICINA	DC	NÚMERO

DATOS DO PROXECTO

NOME DO PROXECTO			
ENDEREZO DO PROXECTO			
CODIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
COORDENADAS UTM X:		COORDENADAS UTM Y:	
REFERENCIA CATASTRAL ONDE SE UBICA A INSTALACIÓN			
EMPRESA INSTALADORA			TELEFONO

TIPOLOXÍA

--

DATOS XERAIS DA INSTALACIÓN

INVESTIMENTO TOTAL A REALIZAR (SEN IVE)	IVE (%)
CONTÍA MÁXIMA DA RESERVA PARA ESTE PROXECTO	




ESTADO DA SOLICITUDE**O SOLICITANTE / REPRESENTANTE LEGAL DECLARA:**

- Que consente de modo expreso a incorporación e tratamento dos seus datos nos ficheiros informáticos de titularidade do Inega, coa finalidade de aplicar este programa de subvencións, e poderán ser cedidos á/s entidade/s que financie/n a actuación, á entidade financeira en que se aboe o pagamento das axudas, ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, ao *Diario Oficial de Galicia*, e outras cesións previstas na lei.
- Que son certos cantos datos figuran nesta solicitude, que coñece e acepta as disposicións da resolución que regula estas axudas, que se cumpre cos requisitos sinalados na dita resolución e que se compromete a destinar o importe da axuda ao obxecto do proxecto indicado na solicitude.
- Que non se atopa dentro das causas de prohibición para ser beneficiario de subvencións públicas segundo establece o artigo 10.2 y 3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 121 do 13 de xuño de 2007)
- Que autoriza ao Inega para que solicite de oficio os certificados de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración Xeral do Estado e da Seguridade Social, e de non ter débedas pendentes coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Que autoriza ao Inega para a consulta dos datos de identidade do solicitante, de conformidade co artigo 2º do Decreto 255/2008, do 23 de outubro e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009 que o desenvolve.
- Que o obxecto da subvención non se dedica nin se adscribe a ningunha actividade empresarial ou profesional, o que supón a posibilidade de ter en conta a parte correspondente ao IVE no custo total do investimento subvencionado (Declaración responsable de exención do IVE).
- (Só no caso de que o solicitante sexa unha empresa) Que non se atopa en crise, nin en ningunha outra das situacións de exclusión previstas no parágrafo 3º e seguintes do artigo 1 do Regulamento (CE) núm. 800/2008, de 6 de agosto de 2008, da Comisión, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea (Regulamento Xeral de Exención por Categorias), publicado no *Diario Oficial da Unión Europea* (DOUE L 214, de 9 de agosto de 2008).
- Que, no suposto de resultar beneficiario/a da axuda, coñece e asume a obriga de manter no seu patrimonio a inversión subvencionada durante un período mínimo de cinco (5) anos, a partir do pagamento da axuda, ou se é o caso, durante a vida útil da instalación se fora inferior ao dito período, quedando obrigado a comunicar de inmediato ao Instituto Enerxético de Galicia (Inega) o posible incumprimento da dita obriga, de terse producido, e ao reintegro no dito suposto da axuda percibida.
- Que o proxecto para o que solicita a axuda está sito na Comunidade Autónoma de Galicia.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase que os datos persoais recollidos nesta solicitude incorporaranse a un ficheiro para o seu tratamento, relacionado coa xestión deste procedemento. Poderanse exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido ao Instituto Enerxético de Galicia como responsable do ficheiro no seguinte enderezo: Rúa Avellino Pousa Antelo, núm. 5 (San Lázaro), 15707 Santiago de Compostela.

De conformidade co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, o Inega publicará na súa páxina web (www.inega.es) a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao abeiro desta Resolución e, se é o caso, as sancións que puidesen impoñerse. A presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a referida publicidade.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do ___ de ___ de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para o ano 2013 a proxectos de enerxías renovables, con financiamento procedente de fondos comunitarios do Programa Operativo Feder-Galicia 2007-2013

SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

D./D.ª: _____

Lugar e data _____, ____ de _____ de 2013





DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA

Documentación administrativa obrigatoria que deben achegar todos os solicitantes

- Modelo de solicitude (ANEXO II)
- Declaración expresa doutras axudas (ANEXO III)

